

IMPORTANTE

¿É vostede usuario da sanidade privada?

O persoal da **sanidade Privada-Concertada** da provincia da Coruña quereos informar da precaria situación laboral que sofren:

- Sabía que a **carga de traballo** é tal que por cada tres enfermeiras/os que atenden na pública na sanidade privada – concertadada atendeo un.
- Que na sanidade privada-concertada o persoal vese na obriga de traballar entre **203 e 340 horas máis que os compañeiros/as da sanidade pública.**
- Que os **salarios son tan baixos** que o persoal vese na obriga de traballar na privada e na pública bordeando ou incumprindo a Lei de incompatibilidade.
- Sabía que unha enfermeira na sanidade privada-concertada cobra 879 € fronte ós 1774 € da pública e unha auxiliar cobra 737 € fronte ós 1158 € da sanidade pública, **sendo os seus salarios o 50% dos da sanidade pública.**
- ¿Ocorreuselle pensar se non estará en **perigo a calidade asistencial** que temos que ofrecer ó persoal destas empresas cunha *carga de traballo excesiva, descansos insuficientes, reducións de plantillas, ameazas de despido, salarios baixos, precariedade laboral?*

A sanidade privada concertada esta composta polos seguintes Hospitais: Hospital Juan Cardona (Ferrol), Policlínico Santa Teresa, Sanatorio Modelo, Hospital San Rafael, Euroespes e Centro Oncolóxico (Coruña). Policlínico A Rosaleda, Centro Médico A Rosaleda e Hospital A Esperanza (Santiago), ademais de tódolos laboratorios de análises Clínicas e consultorios privados.

A data de hoxe non entendemos como dende a patronal, que esta a pagar un dos salarios máis baixos de Galiza, séguese a negar a negociación colectiva dunhas medidas retributivas, cando os beneficios empresariais seguen medrando.

¡Por unhas condicións laborais dignas!